



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Viagalicia, na que participa a Xunta de Galicia - a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), o IGAPE e XES Galicia - xunto co Consorcio da Zona Franca de Vigo e Vigo Activo, vén de abrir o seu prazo de inscrición, que permanecerá aberto ata o próximo **29 de setembro**.

Trátase dunha iniciativa que ten como finalidade a **aceleración de 15 proxectos** que poderán obter ata 125.000 euros en axudas directas e de capital risco. Ademais, e como **novidade** da quinta edición, **impulsaranse dous proxectos das fases de Academia das edicións anteriores**, que poderán participar directamente na fase de aceleración.

O programa, integrado dentro da **Rede Galega de Aceleradoras de Innovación**, conta cun investimento total de **2,65 millóns de euros**, dos que a Xunta achega máis do 60% cunha axuda de 1,63 millóns de euros e desenvolverase en seis fases, seguindo a metodoloxía desta aceleradora.

Tras finalizar a fase inicial de Convocatoria, levarase a cabo unha **primeira selección de oitenta proxectos** que participarán no **Startup Day**, xornada na que se avaliarán as habilidades dos emprendedores e do que sairán seleccionados corenta. Estes recibirán **seis semanas de pre-aceleración nas sedes de ViaGalicia** (situadas en Vigo e Lugo) durante a fase de **Academia**, na que se lles achegarán as ferramentas necesarias para adquirir competencias que lles axuden a definir o seu modelo de negocio e mellorar as súas propostas de valor. Despois, celebrado o **Demo Day**, o comité técnico determinará os proxectos que pasan á **fase de Aceleración**.

A **Aceleración** desenvolverase durante seis meses no **Centro de Negocios do Parque Empresarial Porto do Molle (Nigrán)**, co apoio dun experto equipo de titores e mentores ata que os proxectos alcancen as métricas

necesarias para presentarse a futuras roldas de investimento. Na última fase, **Investors Day**, os emprendedores defenderán o seu proxecto fronte a empresas, colaboradores e fondos de investimento para captar novos socios.

Desde a súa posta en marcha en 2013, este programa de aceleración, ao que se presentaron case **900 propostas de negocio**, contou cuns **6 millóns de euros de investimento** e impulsáronse máis de **120 proxectos**, dos que máis de 50 convertéronse en empresas, xerando máis dun centenar de novos empregos.

Por todo isto, se tedes un proxecto de emprendemento innovador, acelerable e investible, non dubidedes en presentar a vosa candidatura a través da web www.viagalicia.gal.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até setembro!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

